

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2004

Ás 10.00 horas en segunda convocatoria, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa Orde do día que figura no **ANEXO I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **ANEXO II**.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor informa da petición presentada por D. Juan Villar de la Riera, membro do Consello de Goberno como representante dos estudantes, que ante a imposibilidade de acudir persoalmente á reunión solicita que se admita a presenza como oínte doutra persoa, dada a importancia do tema que se vai tratar nos puntos 9 e 10. O Sr. Reitor lembra aos membros do Consello o acaecido na sesión do 23 de xuño de 2004, na cal, en solicitude de membros do Consello, se solicitou a unha persoa que viña en representación dun membro do Consello que se retirase, advertindo que no futuro este sería o criterio que se seguiría, mais propondo que se acepte a presenza desta persoa pola importancia do tema. O Sr. Núñez Sal pide que só entre na sala do Consello cando se discutan os puntos referidos ás eleccións, o que se acepta por asentimento.

O Sr. Reitor informa sobre o plano de financiamento, sinalando que a proposta asinada polas tres Universidades foi levada á Xunta, quen propón elevar algunhas partidas. A negociación continúa. Tamén informa da reunión co Presidente do Goberno español e coa Ministra de Educación, en que se informou que os decretos de grao e posgrao, cuxo proxecto está na web da UDC, se publicarán en decembro, mentres que en marzo de 2005 a maior parte das titulacións deben estar xa no catálogo, o que obriga a definir os títulos e os contidos, partindo do *tunning* e dos libros brancos que xa se fixeron. O decreto de habilitacións modifícase agora puntualmente para permitir unha convocatoria no verán de 2005 sen limitacións de persoas habilitadas por praza. Parece que proximamente se publicará unha reforma que permita continuar ás persoas asociadas, a tempo completo, ata 2008. O Goberno informa que non pensa derrogar a LOU, mais si rematar co proceso de reformas nun ano e medio.

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa que en colaboración coa Vicerreitoría de Investigación e co asesoramento técnico dos servizos de PAS, Control Interno e Contabilidade, propúxoselle ao Reitor a elaboración dunha resolución para axilizar a contratación de persoal con cargo a créditos do capítulo VI (proxectos de investigación, convenios e axudas). Esta resolución foi asinada con data 31/08/2004. Na primeira semana de setembro emitíuse a instrución para a confección do orzamento de 2005. Actualmente este documento está en fase de elaboración consonte o contido da devandita instrución. En colaboración coa Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica, a Xerencia emitiu o 6 de setembro unha instrución sobre criterios para a ordenación e solicitude individualizada de pagamentos. Emitíronse unhas modificacións parciais á instrución que regula o uso de follas de pedimento e

convocouse unha reunión das Xefas de Negociado de AA.EE. dos centros para explicar e valorar os cambios nesta instrución.

Con data 19 de outubro a Xerencia, en coordinación coa Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica, emitiu as instrucións correspondentes ao cerramento do exercicio 2004 e ás de incorporacións de créditos de 2004 ao exercicio 2005. A vindeira semana celebráranse reunións cos usuarios de Sorolla e con directores de centros, departamentos e institutos para explicar o contido destas instrucións. Finalmente, desde o anterior Consello de Goberno, a Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica imputou ao exercicio corrente obrigas xeradas en exercicios anteriores a 2004, logo dos informes favorables do Servizo de Control Interno, por importe de 778.700,06 euros.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa que o 28 de xuño se fixo unha convocatoria de moitas prazas e que o 9 de setembro se realizou unha convocatoria polo procedemento de urxencia para cubrir dúas prazas de asociados en Biblioteconomía e Documentación, renovándose así mesmo o Convenio coa Universidade Complutense para impartir clases durante este curso académico. O 23 de setembro a COAP informou favorablemente a saída a concurso de tres prazas de profesores interinos de substitución. Informouse por correo electrónico aos profesores da situación dos pagamentos dos complementos autonómicos. O 5 de outubro recibíuse unha relación de novas avaliacións positivas que a COAP acordou elevar ao Consello Social para proceder ao pagamento.

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen indica que na sesión anterior do Consello de Goberno esqueceu citar entre os Programas de Doutoramento de Calidade o de Electroquímica, Ciencia e Tecnoloxía, erro que quere corrixir.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estudantes, quen informa da apertura do prazo para solicitar as 36 bolsas da Cátedra Fundación María José Jove para estudantes con necesidades educativas especiais, as dúas bolsas de apoio ao SAPE (unha de colaboración no deseño gráfico e outra de colaboración na actualización da web do SAPE) e as bolsas compensatorias para o apoio ao estudo do alumnado da Universidade da Coruña afectado pola catástrofe do buque Prestige (froito dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, dotado cunha partida de 226.996,67 euros). Tamén informa que na próxima convocatoria de bolsas para colaboración en tarefas bibliográficas e cos departamentos aumenta un 10% o número de bolsas, que pasan de 68 a 75 e de 90 a 100, respectivamente. Informa do nomeamento do Xurado de Selección de Bolseiros para as bolsas do MEC, integrado polo Presidente, Vicepresidente e Secretario, cinco vogais profesores dos diversos ámbitos científicos, un representante da Comunidade Autónoma, un representante da Dirección Provincial do MEC, un representante da Axencia Tributaria e 3 representantes dos estudantes elixidos polos representantes do alumnado no Claustro, para o cal foron convocados os estudantes claustrais a unha reunión en que fixeron a elección. No referente ao transporte urbano, informa da reestruturación da liña de buses, agora única, o que permite unha maior frecuencia en toda a banda horaria. Xa está aberto o prazo de

presentación de solicitudes para a obtención do bonobus universitario, sendo de aplicación nesta convocatoria os criterios de concesión de bolsas do Ministerio para este curso académico. No referente ao transporte interurbano a Universidade da Coruña non ten competencias. Asinouse un convenio coa Deputación provincial para elaborar un estudo sobre o transporte universitario na provincia da Coruña. Executando o plano Universidade Libre de Tabaco en setembro fíxose unha campaña informativa e foron retiradas as máquinas expendedoras de tabaco dos centros da Universidade. Solicita a colaboración de toda a comunidade universitaria, en particular dos/as Decanos/as e Directores/as dos centros, para manter a prohibición. Informa tamén que a apertura das aulas no CUR permite cerrar a que se encontra na Escola Superior de Náutica e Máquinas, e agradece expresamente á Escola o mantemento da aula de estudo ata agora.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor do Campus de Ferrol e relación Universidade-Empresa, quen informa do nomeamento de D. Pablo Gens Montes como coordinador da área de Relación Universidade-Empresa, e da regularización da situación do persoal contratado a través de FEUGA, que se equiparou salarialmente ao resto de persoal contratado.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, quen informa da finalización das obras do estacionamento do Campus da Zapateira, cun total de 318 prazas, máis das inicialmente previstas. Nese Campus o total de prazas de aparcadoiro é de 1250. A inauguración da estrada Elviña-Zapateira, financiada pola Xunta de Galicia cun millón de euros, unha vez introducidas as modificacións suxeridas polo Servizo de Obras para suavizar o impacto paisaxístico, permite falar dun campus único, cunha liña única de autobuses. Solucionose o conflito cos propietarios das fincas colindantes motivado polo acceso ás mesmas. A apertura das aulas de estudo no CUR permite ofrecer no centro da cidade 360 prazas de estudo. O proxecto para o Centro de Documentación e Arquivo modificouse para reducir a parte destinada a almacén, introducindo un semisoto destinado a almacén e deixando o soto para aulas de estudo e biblioteca. O resto do edificio destinarase a usos relacionados coa calidade, a investigación e os estudantes. Estase a traballar na Facultade de Ciencias da Saúde, despois da parálise das obras provocada pola empresa.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa da adxudicación do concurso para o cambio da rede troncal da UDC, o que permitirá que a UDC se convirta nun centro de referencia en todo o Estado español. O concurso para a instalación do wi-fi xa foi adxudicado e estase a traballar na instalación. Solicita a colaboración dos Decanos/ Directores para a difusión da segunda campaña “Uniporta” entre a comunidade universitaria. Investirase na renovación dos equipos informáticos das aulas NET e de informática un millón de euros, acadándose un nivel tecnolóxico moi alto. A web da UDC será supervisada polos Departamentos de Filoloxía Española e Inglesa e polo Servizo de Normalización Lingüística para perfeccionar a linguaxe empregada. Neste mes abrirase unha nova páxina web para ofrecer información á comunidade universitaria sobre o Espazo Europeo de Ensino Superior e un lugar de traballo e encontro para os grupos departamentais de calidade. O curso en Baiona das tres Universidades e a ACSUGA tivo boa acollida entre os

Decanos e Directores de centro. No 6º Foro de Almagro sobre a converxencia europea informouse de que a ANECA retira a avaliación das titulacións actuais, e que as primeiras acreditacións non se darán ata o 2012/13.

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Secretaria Xeral, quen informa dos nomeamentos e cesamentos que se recollen no **ANEXO III**. Tamén informa de que o 13 de outubro de 2004 tivo lugar a primeira reunión da comisión consultiva para a elaboración dunha nova RPT, integrada por dous representantes de cada un dos sindicatos con representación na Xunta de Persoal Funcionario e no Comité de Empresa, isto é: USO, UXT, CCOO e CIGA. Á reunión non asistiron os representantes da UXT por un erro na convocatoria por parte da Secretaria Xeral. Na reunión fixouse un calendario de actuacións e un procedemento.

En asuntos xudiciais resoltos de forma definitiva, infórmase da Sentenza de 30 de setembro do Xulgado Contencioso-administrativo núm.1 da Coruña, que dá a razón ao profesor asociado e maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia D. Juan José Reigosa González na demanda interposta contra a Universidade.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA, CELEBRADA O 22 DE XULLO DE 2004

Apróbase por asentimento a Acta da sesión do Consello de Goberno ordinaria do día 22 de xullo de 2004.

3. APROBACIÓN DE CONVENIOS

A Secretaria Xeral informa sobre os convenios que figuran no **ANEXO IV** desta Acta.

Os Convenios son **aprobados** por asentimento.

4. VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa sobre a validación de expedientes de gasto, que foi informada favorablemente na Comisión de Asuntos Económicos. A validación de expedientes de gasto recollida no **ANEXO V** **apróbase** por asentimento.

5. APROBACIÓN DE LICENZAS, PERMISOS E COMISIÓNS DE SERVIZOS

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre as licenzas para os efectos de docencia e investigación solicitadas por Dna. María Victoria Otero Piñeiro, do 1-10-2004 ao 30-9-2005, para realizar unha estadía posdoutoral na Universidade Pompeu Fabra de Barcelona, e D. Miguel Ángel Fernández del Olmo, do 1-1-2005 ao 31-12-2005, para realizar unha estadía na University College London, licenza que xa foi

aprobada no anterior Consello de Goberno de 20 de abril de 2004 para un período distinto.

Tamén informa sobre as comisións de servizos solicitadas por D. Gregorio Iglesias Rodríguez, para o curso 2004/2005, con destino na Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo), e das prórrogas para o curso 2004/2005 de Dna. Carmen Guerrero López, na Universidade Carlos III de Madrid, e D. Francisco J. del Moral Hernández, no Gabinete da extinguida Secretaría de Estado de Política Científica e Tecnolóxica do MEC.

Estas licenzas e comisións de servizos, informadas favorablemente pola COAP, son **aprobadas** por asentimento.

6. CONVOCATORIA DUN CONCURSO DE TRASLADOS PARA A PROVISIÓN DE DIVERSAS PRAZAS VACANTES DE PERSOAL LABORAL INFORMÁTICO

A Sra. Secretaria Xeral informa que as bases do concurso foron consultadas co Comité de Empresa, que informou favorablemente con algunhas precisións que se desexan incorporar parcialmente, polo que propón incorporar a praza de analista L231, que por un erro non se incluía no proxecto de bases, e modificar os criterios de valoración reducindo e distribuindo doutra maneira a puntuación asignada á primeira fase.

As bases do concurso de traslados para a provisión de diversas prazas vacantes de persoal laboral informático que figura no **ANEXO VI apróbese** por asentimento.

7. CURSOS DE POSGRAO E UNIVERSIDADE SENIOR

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre as propostas de modificación do Curso de Especialización en Orientación Ocupacional e do Master en Dereitos fundamentais e sistema de garantías, así como as propostas de nova implantación dos diplomas de especialización en Administración Inmobiliaria, en Administración de Fincas e en Xestión de Fincas Urbanas e Rústicas, do curso de posgrao en Deseño e cálculo de estruturas de edificación e do curso de especialización en Cooperación internacional ao desenvolvemento e xestión de organizacións non gobernamentais. Tamén informa sobre a modificación que se propón para a Universidade Senior, consistente no aumento en máis un ano, e do nomeamento como coordinadora da Universidade Senior de Dna. Pilar García de la Torre.

Apróbense por asentimento as propostas de modificación e as novas implantacións recollidas no **ANEXO VII**.

8. CREACIÓN DO DEPARTAMENTO DO INEF

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa das razóns que avalan a creación do Departamento do INEF, consecuencia da integración deste centro na Universidade da

Coruña, e indica que 45 profesores da área de educación física e deportiva solicitan a súa adscrición ao novo departamento, e dous profesores, os Sres. Agulló e Agrasar, solicitan a adscrición aos Departamentos de Economía Aplicada I e Medicina, respectivamente.

Apróbase por asentimento a creación do Departamento de Educación Física e Deportiva, que inclúe a área de educación física e deportiva, integrado polos 45 profesores que se recollen no **ANEXO VIII**, así como a adscrición dos Sres. Agulló e Agrasar aos Departamentos de Economía Aplicada I e Medicina, adscrición esta condicionada a que os departamentos que os acollen os acepten.

9. APROBACIÓN DO REGULAMENTO ELECTORAL XERAL

A Sra. Secretaria Xeral informa do proceso de elaboración do Regulamento electoral xeral, e que froito das conversas cos distintos grupos de opinión con representación no Consello de Goberno se propoñen as modificacións que se inclúen no **ANEXO IX**. Ábrese un debate. O Sr. Reitor interrompe quince minutos a sesión para que se poida chegar a un acordo. Reanudada a sesión, a Secretaria Xeral explica as condicións do acordo a que se chegou.

A proposta que figura no **ANEXO IX**, **apróbase** por asentimento, coa abstención do Sr. Vidal Romani, que expresa o seu desacordo coa regulación que se fai dos contratados polo programa Isidro Parga Pondal e solicita que conste en acta que considera que é unha postura retrógrada.

10. CONVOCATORIA DAS ELECCIÓNS A REPRESENTANTES DE ESTUDANTES NO CLAUSTRO, DE ESTUDANTES, PROFESORES NON FUNCIONARIOS E PAS NAS XUNTAS DE CENTRO E DE ESTUDANTES, INVESTIGADORES E LECTORES NOS CONSELLOS DE DEPARTAMENTO

A Secretaria Xeral informa da falta de necesidade de convocar eleccións a representantes do PAS nos consellos de departamento dado que só hai unha persoa do PAS adscrita a cada departamento, en aplicación do disposto no artigo 31.1 e) do Regulamento electoral xeral.

Apróbase por asentimento o acordo de convocatoria das eleccións a representantes de estudantes no claustro, de estudantes, profesores non funcionarios e PAS nas xuntas de centro e de estudantes, investigadores e lectores nos consellos de departamento.

11. PRESENTACIÓN E DEBATE SOBRE O PLANO ESTRATÉXICO

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa e aclara os termos do documento que se achegou coa convocatoria e que se inclúe no **ANEXO X**.

12. ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Valderruten Vidal solicita información sobre o funcionamento dos Tribunais de compensación e sobre a data de recepción das medias da última promoción e a forma de cualificar a compensación, e indica a conveniencia de sinalizar adecuadamente a parada do autobús preto da Facultade de Informática, pois os coches aparcan e o autobús ten dificultades para pasar. A Sra. Vicerreitora de Organización Académica contesta que as medias estarán na primeira semana de novembro, e a nota debe figurar no expediente como recoñecemento coa cualificación de aprobado por compensación.

O Sr. Vidal Romaní sinala que o vial que une os campus de Elviña e a Zapateira é estreito e inseguro, e non hai carril bici, que sería desexable. Sobre os bolseiros de FPI e de FPU entende que os Departamentos deberían darlles docencia. Sobre os contratados polo programa Isidro Parga Pondal afirma que entraron por contratos públicos, con concorrencia, o que non sucede con outros, e que deberían ser obxecto dun mellor tratamento por esta Universidade. O Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental indica que se están a facer xestións coa Xunta de Galicia e o Concello para crear un carril-bici.

A Sra. Rey pon de manifesto a excesiva velocidade por que se circula no vial entre os campus. Tamén indica que os estudantes poden cumprir axeitadamente nas mesas electorais. Fai unha protesta polo feito de as farolas do aparcadoiro traseiro da Facultade de Dereito estaren sempre apagadas, o que crea perigo e falta de seguranza pola noite. O Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental toma nota da cuestión do aparcadoiro, e indica que o vial é estreito para que non se poida correr, e que o ideal sería que toda a zona do campus fose zona 30.

O Sr. Teijeiro agradece que se enviase por correo electrónico o borrador do Real Decreto de estudos de posgrao e valora o novo texto positivamente. O Sr. Reitor engade que no posgrao haberá prezos públicos, segundo parece das informacións recibidas, e que o texto definitivo variará ben pouco.

O Sr. Juan Fontaos protesta polo feito de que no seu centro hai un punto de información para 1800 alumnos, e solicita a instalación doutros. Tamén manifesta que se está a producir unha situación irregular na matrícula da Escola Politécnica Superior, e solicita que a normativa sexa cumprida por todos. O Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea sinala que o SEINFE está a buscar a forma de redistribuir os puntos existentes. A Sra. Vicerreitora de Organización Académica contesta que a normativa debe ser cumprida, e que investigará o asunto.

Non habendo máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 14:00 horas. De todo o anterior dou fe, como Secretaria, co visto e praxe do Sr. Presidente.